

**ACTA DA XUNTANZA DA MAREA SECTORIAL DE POLÍTICA SOCIAL,**  
**31 DE XULLO DE 2018**

En Santiago de Compostela, no local de En Marea (rúa Santiago de Guayaquil 7), ás 17.30 horas do día 31 de xullo de 2018, ten lugar a xuntanza de traballo da Marea Sectorial de Política Social.

Asistentes:

Ignacio Iglesias, Itxaso Méndez, Herminia Dios, Manoel Barbeitos, Severino Manuel Muñiz, Paula Verao, Berta Blanco, Marisé Fernández e Raquel Malvárez.

Orde do día:

1. Tratar os temas sociais que está traballando Compromís dende a Generalitat en Valencia e o que nos contou Mónica Oltra.
2. Planificar temporalmente os traballos pendentes, especialmente a “Xornada de políticas sociais dende o municipalismo” (contidos e formato), que está prevista para o outono.
3. Outros.

**PUNTO 1**

**XUNTANZA EN VALENCIA – TEMAS**

O grupo de Política Social solicitará unha visita a Valencia para tratar os temas que Compromís está impulsando dende a Generalitat. Centrarémonos nos seguintes temas, os que traballaremos a nivel galego, con iniciativas globais e potentes:

- **Renda de inclusión** (modelo valenciano). Presentación da PL o martes, 7 de agosto.
- **Centros de menores.** Criticar a privatización na área de Menores. Analizar o grao de falta de persoal, a privatización, a falta de seguimento psicolóxico. Pouca profesionalización e moitas horas de traballo. Facer unha iniciativa potente sobre a área de protección de menores. Definir sistema público de protección de menores.  
Ver a cuestión da lexislación.
- **Lei de garantía de dereitos sociais.** Lei valenciana de servizos sociais para recuperar para o municipalismo.
- **Profesionalización coidadoras.** Houbo en Galiza algo de formación, pero non chegou a que se asimilasen os coidados na contorna familiar coa formación, fomentando a profesionalización destas persoas logo de ser coidadoras na contorna familiar.

Darlle valor ao traballo de coidados.

Ver como están avanzando en Valencia neste modelo de profesionalización.

- **Concerto social.** Carteira de servizos. Hai que desenvolver a lei de Servizos Sociais, definir o noso modelo contando co modelo valenciano, definir que imos fazer co terceiro sector no marco da defensa do sector público nos servizos sociais.

Aínda apostando polo público, non deixar de coñecer a realidade contactando con entidades.

En Galicia apenas hai infraestrutura de servizos sociais en determinados aspectos, coma menores. A lei de servizos sociais establece o dereito a asistencia social, pero non se garante, debemos pelexar dende o eido público.

Cómpre intensificar a inspección. Hai que desenvolver os seguimentos. Fanse os pregos administrativos sen coñecementos sociais; non hai avaliación; non hai contacto coas equipas técnicas; non hai transparencia.

Hai que aumentar o nivel de investimento social (precisaríamos 5.000 millóns de euros para situarnos a nivel europeo); hai que coñecer a realidade de cada sector e o que podemos facer.

Debemos recuperar os servizos de educación familiar. Cómpre reforzar os equipos que traballan nos Concellos. En xeral, non se están separando os casos de desamparo e de risco; derívase directamente a Menores porque os concellos non actúan. Os centros están desbordados. A unha dificultade de facer seguimento da posible situación de risco; os concellos deben, se é o caso, declarar a situación de risco antes de que pase a Menores (contratos de educación familiar).

Cambiar a forma de facer política, non só ir ao práctico, aproveitando a infraestrutura do terceiro sector. Definir o que faríamos no goberno, priorizar que políticas faríamos. Teríamos que, no corto prazo, convivir con entidades privadas sen ánimo de lucro.

Analizar as políticas socialdemócratas europeas nos servizos sociais.

Ter un informe sobre a situación de **MENORES** (dispersión da lexislación, protocolos, orzamentos, procedemento, situación; a lei galega non está adaptada á Estatal, ver incongruencias, modelos europeos).

Visitas e encontros en centros (Meniños).

Contacto Valencia: Jorge Iván Castaño Ortega.

## PUNTO 2

### XORNADA POLÍTICAS SOCIAIS DENDE O MUNICIPALISMO

Data: 10 de novembro de 2018

- Breve exposición – facer políticas sociais dende a contratación pública.  
(As políticas de vivenda dende o municipalismo quedan para outra xornada).  
Tema moi concreto e breve (reserva de solo público, presión para que haxa vivenda pública, urbanismo, xestión de emerxencia habitacional, persoas sen fogar...).
- Breve exposición – o marco legal e financeiro dos concellos e os límites, posibilidades de mancomunidade: como facer políticas sociais. Os límites. As prioridades de gasto.
- DEBATE – unha base para os servizos sociais comunitarios: que programas e que equipamentos.  
Ter en conta que as competencias en servizos sociais son da Xunta.
- DEBATE (se hai tempo) – a economía dos coidados, socialización e colectivización dos coidados.  
Fomento de cooperativismo, urbanismo dende esta perspectiva...

## OUTRAS CUESTIÓNS

- Reiterar a necesidade dun informe sobre a pobreza en Galiza (imitar o informe da pobreza de Lugo).
- Analizar que medidas do Plan Estratégico 2020 se fixeron ou se poden facer.
- Importancia de ter datos de todas as áreas de Política Social e dos servizos sociais comunitarios. Facer unha radiografía.

\* **Servizos Sociais Comunitarios.** Centrarse na análise e propostas sobre estes; son o piar básico para o traballo de intervención social (falta de coordinación).

\* Familia e Menores.

\* Maiores.

\* Discapacidade.

\* Pobreza e exclusión (de agosto a outubro, PL renda social).